

A «raíña dos bandidos» á que lle quixeron roubar a voz

María Reimóndez reflexiona sobre a visión doutra «muller bandoleira», a india Phoolan Devi.

A primeira vista e coñecendo os antecedentes non semellaría recomendable intentar roubarlle nada a alguén como Phoolan Devi (Gorha Ka Purwa, Uttar Pradex) 1963-Nova Delhi 2001), muller mundialmente coñecida como «raíña dos bandidos». Phoolan non só se dedicou a asaltar e roubar as aldeas de casta alta de Uttar Pradex e Bihar, no norte da India, senón que castrou e matou numerosos homes (vinte dunha soa vez en Behmai) polos abusos sexuais e violacións padecidas non só por ela mesma senón por outras mulleres. Ata o ano 1983 Phoolan foi un dos numerosos pesadelos do goberno de Indira Gandhi, e só conseguiron que se rendese coas súas propias condicións. Mais se cadra o interesante da súa historia non resida tanto nos feitos senón en como ata a unha muller destas características a narrativa patriarcal e neocolonizadora foi capaz de roubarlle a voz. Iso si, non sen resistencia.

O caso de Phoolan Devi é sen dúbida complexo e peculiar coma ningún outro. Primeiro porque o proceso de representación, a narración da súa historia, aconteceu cando ela estaba aínda viva e podía opinar, e segundo porque a súa historia transcendeu as fronteiras do seu país de orixe para converterse en ben de consumo da mirada occidental, o cal engade unha nova capa problemática de representacións. Seguramente a única razón pola cal é coñecida (e recibe o alcume de «Raíña dos bandidos») é por mor do filme de Shekar Kapur (un home indio) encargada da pola cadea televisiva británica Channel 4 (nas mans occidentais). Este filme resultou terriblemente polémico por diferentes razóns, e aquí centrarémonos só na da

representación de Phoolan na película, á que se opuxeron a propia Phoolan e tamén intelectuais e feministas indias como Arundathi Roi. O feito de que unha película que comezaba coa frase sobreimpresa «a true story» (unha historia real/verdadeira) se fixese sen sequera consultar coa protagonista da mesma semellaba intolerable. Ese carácter de «autenticidade» resultaba problemático a moitos niveis. Sobre todo polo que nela había de representación desa muller india, a «outra», ante a mirada occidental, na que Phoolan encaixaba como a muller vingativa que de maneira individualizada tenta redimirse dos abusos (sexuais) aos que foi sometida, nunha representación compracente da India brutal e «incivilizada» que encaixa ben nos estereotipos occidentais.

Pola contra, no seu testemuño recollido en *Eu, Phoolan Devi* (nótese o rexeitamento implícito ao alcume «raíña dos bandidos») expresa unha visión máis colectiva das cousas, nas que o que a move é un concepto de xustiza que supera a súa terrible experiencia vital individual e pasa pola creanza nuns dereitos para as mulleres, as castas baixas e na loita contra un estado que non os garantía.

Esta dobre apropiación da imaxe e voz de Phoolan polo patriarcado e por Occidente non se centra en conceptos de «autenticidade», claramente postos en dúbida pola crítica poscolonial, senón nas vías en que se enmudecen as mulleres cando a representación está en mans de homes e dende puntos de vista occidentais sobre suxeitos doutros países. Proba deste enmudecemento no caso de Phoolan é que pouco se sabe en occidente da continuación da súa historia, que remata como parlamentaria despois de 11 anos de cárcere. Esta parte da súa vida non podía narrarse dunha maneira tan

maniquea coma a anterior, porque os conflitos eran demasiado contundentes como para poder simplificarse, malia a súa morte, máis propia da película, a mans dun asasino das castas altas.

A historia de Phoolan Devi non é senón un sinal de alarma para as mulleres, un exemplo de como os nosos actos máis ousados poden quedar reducidos a meras anécdotas curiosas: pasamos a ser «amantes/nais de» ou esas «rara avis» individuais entre as demais apracibles mulleres «normais». Por iso resulta fundamental que as mulleres, dende a literatura e dende outros sectores (a historia, a ciencia, a tecnoloxía), nos fagamos donas da nosa voz e historias. Debémollos a mulleres como Phoolan Devi, que con medios máis ou menos acertados, comprenderon a importancia da xustiza colectiva para todas e que non merecen ser soterradas en espellismos dunha voz que non é senón un silencio compracente coas nosas diversas opresións.

// María Reimóndez



A militante feminista india Phoolan Devi.